


Composicións musicais: **PABLO DÍAZ**
Ilustracións: **MARC TAEGER**
Prólogo: **SANTIAGO AUERÓN**
Epílogo: **XURXO SOUTO**
Colaboracións musicais: **XABIER DÍAZ,**
GUADI GALEGO, CARMEN REY, RUOTE...

Encadernado en cartón. 16x16 cm.
Ilustracións en color. Fóra de colección.
ISBN 978-84-8464-701-0
Prezo: 20 €

TIC-TAC

Tic-tac, tic-tac, o reloxo vai soar.
Tic-tac, tic-tac, témonos que levantar...



“Tic tac” é un libro-cd que combina música e ilustracións, para público infantil a partir de 3 anos de idade. Trátase dunha obra para ver, escoitar e cantar, tanto en familia como na escola, como complemento das clases de Educación Musical.

Neste primeiro traballo musical en solitario, Pablo Díaz fai un amplo percorrido por distintos ritmos cos que -dende a perspectiva do folk- abarca a universalidade da música, dende o xénero clásico ata o jazz, pasando polo rock, o soul, o swing e os ritmos latinos.

As 16 cantigas do disco abordan temas próximos aos cativos, como a natureza, o mar, os animais ou o fogar, de xeito que tamén adquiren vocabulario e fórmulas de expresión a través da música.

O libro complementase cunhas orixinais ilustracións realizadas coa técnica do linogravado, un método artesanal recuperado por Marc Taeger coa intención de afondar no carácter tradicional da obra.

PABLO DÍAZ (A Coruña, 1972)

Multiinstrumentista e cantante. Iniciou na nenez a súa traxectoria artística, que se enfocou ao estudo e ao ensino do baile e da música tradicional galega: gaita, clarinete, percusión e canto. En 1991 creou un grupo de investigación etnográfica co que percorreu

- **Temática:** libro-disco ilustrado de temática variada
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos
- **Aspectos destacables:** 16 cantigas sobre a natureza e o contorno familiar dos nenos; variedade de estilos musicais: educación musical; ilustracións feitas coa técnica do linogravado.
- **Relación de pezas musicais:** O reloxo de Alberte - O libro - A choiva - Un vello - O traxe de metal - A cunca - Imos contar un conto - O crocodilo - No mar - Son un trasno - O reiseñor - Rock do porco celta - O moucho chosco - Un dous tres - O jai jai - Arrolo

o rural galego recollendo pezas musicais e tradicións. Actualmente forma parte dos grupos Donaire, Ruote e Tátara Trio. Participou en 12 traballos discográficos como músico, cantante e produtor musical, e ten colaborado con Susana Seivane, Pablo Seoane e Milladoiro.

MARC TAEGER (Berna, Suiza, 1963)

Estudou deseño gráfico en Trier (Alemaña). Tras pasar por cidades como Milán, Nápoles, Schriesheim, Lisboa e Barcelona, instalouse en Galicia. Traballa como deseñador para medios de prensa e axencias de publicidade. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son algúns dos eidos nos que desenvolve a súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia, Costa Rica e outros países. Polo seu traballo de ilustración e deseño no libro titulado “A verdadeira historia de Carapuchiña”, editado por KALANDRAKA, recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2005. Neste mesmo selo ilustrou os álbums “Aquilaes o puntiño” e “Garavanciño”.

